



O PSdeG de Paradela lamenta a “ínfima talla” da Xunta ao avisar agora de que reagrupan os cursos do colexio local

Os socialistas denuncian as “formas innobres” do goberno do PP, que lle comunicou a decisión ao director por teléfono e xa rematado o curso, o que suporá “a eliminación de dous profesores” e “minará de novo o progreso do rural”

O PSdeG de Paradela lamenta a “ínfima talla” do goberno do PP, que “acostuma a facer as cousas de xeito traizoeiro”, despois da “sorpresa decisión” de reagrupar os cursos do CEIP San Miguel, que lle foi comunicada ao director do centro do municipio “por teléfono e o día 2 de xullo, despois de rematado o curso e sen capacidade de reacción”, tal e como denuncia a voceira socialista Sonsoles López Izquierdo. Desde o PSdeG pregúntanse “ata que punto é legal que se oferten unhas condicións nun centro escolar e que, tras formalizar a matrícula, esa oferta varíe”. A decisión suporá a eliminación de dous profesores e “a merma da calidade educativa”, critican os socialistas.

“Se isto é legal, desde logo non é xusto, e moitos pais optarán por matricular os nenos noutros centros ou acabar autoexiliándose grazas ás condicións insufribles que impón este goberno”, censura López Izquierdo, que incide en que esta decisión “vai traer consecuencias evidentes para todos, menos para os gobernantes do PP”. Os populares “pretenden colleitar éxitos grazas a absterse de gobernar, xa que están a eliminar todos os servizos públicos posibles, e os que non poden eliminar, pásanllos á Deputación”, afirma a socialista, que esixe “a restitución das condicións que o CEIP San Miguel de Paradela viña tendo ata o último día de curso”.

“Desmantelar o rural”

O PSdeG lamenta asimesmo que “a fin última desde goberno é desmantelar o rural, porque non lle interesa”, e fai referencia ao último informe do Valedor do Pobo, que vén de advertir que os recortes do PP non garanten unha ensinanza pública de calidade nestas zonas. “Todas e cada unha das políticas que están a levar a cabo están encamiñadas a minar o progreso do medio rural. Por iso sona a burla que digan que apostan pola educación do rural, como dixeron recentemente nunha nota na súa web (<http://www.edu.xunta.es/web/node/9886>), ou que queren loitar contra o despoboamento”, di López Izquierdo, que fai referencia aos recortes e medidas xa materializadas en sanidade, educación, xustiza, medio ambiente, reforma da administración local, incendios, gandería, agricultura ou pesca.

Lugo, 3 de xullo de 2013